



PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	ORATORIA	CURSO	1º ESO
CURSO ACADÉMICO	2020-21	PROFESOR	ENRIQUE SAMPIL SÁNCHEZ

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. O discurso persuasivo		
<ul style="list-style-type: none"> • Discursos persuasivos escritos (presentacións e debates). • Tipos de discurso persuasivo. • Intención comunicativa. • Estrutura do texto. • Procedementos retóricos. • Características estilísticas. 	<p>Ler e comprender discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese. • Explica a intención do discurso. • Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas. • Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais. • Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. • Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe.

<ul style="list-style-type: none"> • Discursos persuasivos orais en situacións formais (presentacións e debates) e informais. Tipos de discurso persuasivo. Intención comunicativa. Estrutura do texto. Procedementos retóricos. Características estilísticas. • Pronuncia, voz, mirada, linguaxe corporal e presenza escénica. 	<p>Escoitar e ver discursos persuasivos sinxelos de diferentes tipos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese. • Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa. • Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón. • Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. • Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo.
Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo		
<ul style="list-style-type: none"> • Concreción dunha mensaxe persuasiva. Trazos da mensaxe persuasiva: claridade e brevidade. 	<p>Elaborar unha mensaxe breve e clara que funcione como núcleo do discurso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva.
<ul style="list-style-type: none"> • Adaptación do discurso ao contexto. • Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. • Adaptación do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. • Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. 	<p>Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. • Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido. • Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón.
<ul style="list-style-type: none"> • Documentación e investigación. Alfabetización mediática. • Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. • Estratexias de procura. 	<p>Identificar e manexar fontes documentais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as fontes das que pode obter información. • Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso.



<ul style="list-style-type: none"> • Xestión da información. 	<p>Obter e organizar a información para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. • Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual.
<ul style="list-style-type: none"> • Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas, etc.) e os emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos, etc.). 	<p>Seleccionar as ideas máis adecuadas e organizalas nunha estrutura ordenada e eficaz.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal.
<ul style="list-style-type: none"> • Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. 	<p>Empregar recursos propios da argumentación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación.
<ul style="list-style-type: none"> • Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. 	<p>Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso.
<ul style="list-style-type: none"> • Textualización do discurso. • Coherencia e cohesión. • Corrección lingüística. • Figuras retóricas: metáfora, paralelismo, antítese, interrogación retórica, etc. 	<p>Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Redacta o discurso con coherencia, cohesión e corrección lingüística. • Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva.
<ul style="list-style-type: none"> • Proceso de revisión. Correctores. 	<p>Realizar o proceso de revisión do texto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación. • Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica.
<p>Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo</p>		

<ul style="list-style-type: none"> • Memorización do discurso. Regras mnemotécnicas. 	Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso a partir de secuencias pequenas ata dar co texto completo.	<ul style="list-style-type: none"> • Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto.
<ul style="list-style-type: none"> • Interiorización do discurso. 	Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade.
<ul style="list-style-type: none"> • Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza e seguridade). 	Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público.	<ul style="list-style-type: none"> • Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio.
<ul style="list-style-type: none"> • Xestión das emocións negativas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Controlar a conduta asociada ás emocións negativas ante situacións comunicativas con público. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público. • Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas.
<ul style="list-style-type: none"> • Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pronunciar con corrección, claridade e expresividade. 	<ul style="list-style-type: none"> • Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. • Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade. • Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para potenciar o poder expresivo do seu discurso.
<ul style="list-style-type: none"> • Kinésica: comunicación corporal. Tics. • Proxémica: espazo escénico. • Naturalidade fronte a artificiosidade. 	Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. • Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio.



<ul style="list-style-type: none"> • Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. 	<p>Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais.
Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional		
<ul style="list-style-type: none"> • Oratoria para a construción da veracidade do discurso. 	<p>Usar a oratoria como un instrumento ético para a construción ou aproximación colectiva á verdade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo. • Identifica as estratexemas que terxiversan a información.
<ul style="list-style-type: none"> • Oratoria para a participación activa na democracia. 	<p>Elaborar textos para intervir en ámbitos de participación social, reais ou simulados, con respecto polas normas de convivencia e procurando a resolución pacífica dos conflitos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. • Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos.
<ul style="list-style-type: none"> • Representación das habilidades persoais e sociais no discurso. Autoconfianza, empatía e asertividade. 	<p>Desenvolver as relacións interpersoais e a propia personalidade grazas ao uso cívico da palabra.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Recoñece a manifestación das súas habilidades interpersoais a través do discurso. • Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. • Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos.

A práctica avaliadora nesta materia partirá:

- Da consideración da avaliación como un proceso continuo, cunha orientación formativa.
- Da necesidade de ter en conta o punto de partida de cada un dos alumnos/as (avaliación inicial), para poder avaliar con xustiza as súas aprendizaxes posteriores. Esta avaliación inicial que faremos o 1º día de clase, consistirá nunha lectura dun texto e a explicación do tema principal do mesmo.
- Da importancia que teñen nesta materia as actividades prácticas para acadar as competencias básicas.
- Da introdución na nosa práctica avaliadora de actividades de autoavaliación e coavaliación, para facer o alumnado consciente e partícipe do proceso.

CRITERIOS, ESTRATÉXICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Os instrumentos de avaliación:

	Ponderación
Traballo diario de clase	40%
Exposicións orais	40%
Actitude	20%

O enfoque práctico desta materia esixe unha asistencia regular ás clases, xa que o traballo diario na aula é obxecto continuo de avaliación pois non haberá proba escrita.

A avaliación é continua polo que se aproba a 3ª avaliación apróbase a materia, sempre e cando ó longo do curso mostrárase unha boa actitude cara a materia e se traballara a diario na aula.

A proba final consistirá nun traballo expositivo, individual ou en grupo. Na avaliación deste traballo que faga ó alumnado terase en conta:

- Argumentación: cantidade e diversidade de argumentos
- Claridade argumental
- Datos aportados: riqueza e peso das evidencias



- Mostrar coñecementos do tema de exposición
- A expresión oral
- A expresión xestual
- O contacto visual
- Adaptación da exposición o tempo
- A estrutura da exposición
- A resposta que se lle da as posibles preguntas que se lle fagan
- Se o conxunto do debate/exposición convenceu.

METODOLOXÍA

- PRESENCIAL

- O traballo será fundamentalmente práctico: poucos contidos de carácter conceptual e moitas actividades que permitan desenvolver as destrezas fundamentais vinculadas coa materia, nomeadamente aquelas que teñen que ver coa oralidade, sen perder nunca de vista a necesidade de establecer un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión do alumnado.
- Fomentar o traballo cooperativo, pois facilita a implicación do alumnado, permite desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación dun clima adecuado para a autoavaliación e a coavaliación.
- Coordinación e traballo interdisciplinar con outras materias: moitas das habilidades desta materia son comúns a outras (xestión da información, comprensión de lectura, escoita comprensiva, expresión escrita, etc.), polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da aprendizaxe do alumnado.
- Metodoloxía de traballo por proxectos, sempre orientada á acción, á integración coherente de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes, e á creación dun produto real (un concurso de debate, a organización de conferencias ou presentacións, etc.), parece adecuada para mobilizar todos os elementos curriculares da materia. Intentaremos participar en algún debate con alumnado doutros institutos.
- Os instrumentos de avaliación serán variados e especialmente prácticos, para poder atender as diversas destrezas e competencias que traballa a materia e mais para valorar a evolución do alumnado. Como ferramenta, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo.
- Os espazos que imos usar para esta materia son a sala de xuntas e o salón de actos.

- SEMIPRESENCIAL E/OU NON PRESENCIAL

- De non ser posible o traballo presencial, utilizaremos a mesma metodoloxía de traballo utilizando webex e compartindo material por medio da aula virtual e do correo electrónico.